



## ***ELECCIÓN DE REPRESENTANTES DOS PAIS/NAIS Ó CONSELLO ESCOLAR***

### ***Convocatoria***

*De acordo coa RESOLUCIÓN do 20 de setembro de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos (D.O.G. 29/09/2021), a **Xunta Electoral** deste Centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ó Consello Escolar, **SECTOR DE NAIS/PAIS**, segundo as normas seguintes:*

1. *Conforme o establecido no **Decreto 374/1996, do 17 de outubro, polo que aproba o Regulamento Orgánico das escolas de infantil e dos colexios de Educación Primaria** corresponde elixir no presente proceso electoral a **dous/dúas pais/nais** dun total de cinco que debe ter o Consello Escolar.*

2.- *Son electores tódolos pais e nais ou, se é o caso, os titores legais dos alumnos matriculados no Centro e incluídos no Censo correspondente que a partir do día da data está exposto no taboleiro de anuncios. As reclamacións ó referido Censo realizaranse mediante escritorazoado dirixido á Xunta Electoral, ata as 14 horas do día 12 de novembro.*

3.- *Son elixibles os pais e nais ou, se é o caso, os titores legais, que formulen a súa candidatura oficial segundo o modelo que se facilitará na Secretaría do Colexio. As candidaturas poderán ser presentadas ata as 16:30h. do día 10 de novembro.*

4.- *O sorteo dos membros da mesa electoral realizarase en acto público, entre os pais quenon se presenten como candidatos, o día 15 de novembro, ás 14 horas. Dita mesa electoral estará composta polo Director do Centro, que actuará como Presidente, e catro pais/nais ou titores legais, actuando de Secretario/a o/a de menor idade.*

5.- *A campaña electoral comprenderá dende o 17 ao 22 de novembro, ámbolos dous días inclusive. As dependencias e servizos do Centro estarán a disposición dos candidatos, previa petición ó presidente da Xunta Electoral, sempre que o seu uso non altere o normal funcionamento educativo do Colexio. O día 23 de novembro, véspera das votacións, non se poderá facer campaña electoral.*

6.- *Poderán actuar como supervisores da votación os pais ou titores legais dos alumnos matriculados no Centro, propostos pola ANPA do mesmo ou avalados ó tal fin pola firma de 10 electores.*

7.- *As votacións realizaranse neste centro o **día 24 de novembro, de 10 a 17 horas**. A mesa electoral será constituída o mesmo día, en acto público, ás 09:45 horas.*

8.- Na papeleta de votación cada elector fará constar un máximo de **dous** dos candidatos presentados, debendo acreditar a súa personalidade a hora de votar, mediante exhibición do DNI ou documento similar. O voto será directo, secreto e non delegable e non se admitirá o voto por correo.

9.- Teñen dereito ó voto o pai e a nai ou, se é o caso, o titor legal dos alumnos.

10.- Finalizada a votación procederase ó escrutinio dos votos, que será público, e unha vez realizado, levantarase acta para ó seu envío a Xunta Electoral do Centro.

11.- A Xunta Electoral do Centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

Palas de Rei, a 3. de novembro de 2.021

O Director e Presidente da Xunta Electoral:

Asdo.: *Julio Alberto Arias Couso*

<b>DATAS</b>	<b>ACTUACIÓNS</b>
4 - Novembro	<ul style="list-style-type: none"><li>✓ Comeza o prazo de presentación de candidaturas aos distintos sectores (Debedes cubrir un impreso que se vos facilitará no centro).</li><li>✓ Comeza o prazo das posibles reclamacións ao censo.</li></ul>
10 - Novembro	<ul style="list-style-type: none"><li>✓ Remata o prazo de presentación de candidaturas.</li></ul>
15 - Novembro	<ul style="list-style-type: none"><li>✓ Publicación de candidaturas.</li><li>✓ Aprobación definitiva de censos electorais.</li><li>✓ Sorteio público ás 14h para a designación dos membros das mesas electorais</li></ul>
17- Novembro	<ul style="list-style-type: none"><li>✓ Comezo das campañas electorais.</li></ul>
24 -Novembro	<b>Votacións (de 10 a 17h):</b> <ul style="list-style-type: none"><li>✓ Pais, nais e titores legais do alumnado.</li></ul>
25 e 26 -Novembro	<ul style="list-style-type: none"><li>✓ Período de reclamacións contra a resolución das mesas electorais</li></ul>
30 - Novembro	<ul style="list-style-type: none"><li>• Proclamación e publicación de candidatos electos.</li><li>• Traslado das actas das mesas electorais ao titular da delegación provincial.</li></ul>